



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

**SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) PEÓNS FORESTAIS, SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000003)**

**DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

### PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

En Ordes, a 14 de maio de 2024, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar Ordes, o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) PEÓNS FORESTAIS, SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000003)**, convocada por resolución de alcaldía nº 505/2024, de data 23 de abril de 2024.

Asisten:

- **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

- **Vogais:**

María Mónica Iglesias Prego, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Ramiro Rama Figueira, Funcionario da escala de administración especial, subescala de servicios especiais, persoal de oficios.

Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Persoal laboral, Oficial 1ª.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escada de administración xeral, subescala administrativa..

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) á realización da Proba de coñecemento da lingua galega.

O Tribunal propón como proba a realizar a tradución ao galego dun artigo publicado no xornal "La Voz de Galicia", de data 14/05/2024.

A cualificación será de apto ou non apto.

O tempo do que dispoñen os aspirantes para o desenvolvemento desta Proba é de 30 minutos.

Valorada a Proba de coñecemento da lingua galega, o Tribunal outorga as puntuacións seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
CANDAL BESTILLERIO JESÚS	***5421**	APTO
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	APTO

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección de valoración da Proba de coñecemento da lingua galega poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Seguidamente, o Tribunal declara que superan a Proba de coñecemento de lingua galega os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
CANDAL BESTILLERIO JESÚS	***5421**
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**

Visto que o aspirante JUNCAL PENA, RAMIRO, con DNI \*\*\*5627\*\* acreditou estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente, non ven obrigado a superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

Rematado o desenvolvemento do proceso selectivo, o Tribunal de conformidade co establecido na Base 8ª procede a determinar a orde de clasificación definitiva dos aspirantes, que será o resultado da puntuación obtida na proba práctica.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	10,00
JUNCAL PENA, RAMIRO	***5627**	6,50
CANDAL BESTILLERIO JESÚS	***5421**	5,00

Por último, o Tribunal de conformidade co establecido na Base 9ª procede a elevar a proposta de aprobados á Presidencia da corporación co obxectivo determinar aos aspirantes seleccionados, que son os seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**
JUNCAL PENA, RAMIRO	***5627**

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección de proposta de aprobados poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica.

O Presidente,  
Javier Siro Suárez Rodríguez

A secretaria,  
Pilar Rey Rodís.

(asinado dixitalmente)